

O xornalista baionés David Reinero González recibe o Premio Nano Cambeiro de xornalismo. O premio consiste nunha escultura de Fernando Casás

O Premio de Xornalismo NANO CAMBEIRO foi instituído polo Instituto de Estudos Miñoranos para lembrar ao xornalista e ao amigo.

Cumprindo co establecido na convocatoria, faise pública a súa resolución en agosto, mes no que se cumpre o cuarto aniversario da irreparable perda do xornalista Nano Cambeiro.

Nesta Terceira Edición, o premio concedéuselle a **DAVID REINERO GONZÁLEZ** un mozo xornalista miñorano polo seu artigo

Cando Praia América tiña mil nomes

publicado no xornal Atlántico Diario o luns 23 de febreiro de 2004. No mesmo faise unha achega a toponimia do areal nigranés en perigo de desaparición, vítima da exótica e simple denominación de Praia América, tal e como lle aconteceu a maior parte do que fora maior areal e complexo dunar da ría de Vigo soterrado baixo toneladas de formigón e asfalto.

O premio, sen dotación económica, consiste nunha peza de bronce obra do escultor e membro do Instituto de Estudos Miñoranos **FERNANDO CASÁS**, que se funde para entregar en cada convocatoria

·
A obra escultórica será entregada ao premiado nun acto público a realizar nos meses que restan deste ano 2005.

A Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos quere sinalar especialmente que nesta ocasión o premiado é un xornalista mozo que une o seu nome ao dos escritores consagrados dos anos anteriores: Xosé Luís Méndez Ferrás e Francisco Fernández del Riego.

A Xunta de Goberno do IEM acordou tamén convocar o Cuarto Premio de Xornalismo "Nano Cambeiro" para artigos publicados ao longo do ano 2005, segundo as bases

adxuntas e que se reproduciran integramente na Revista de Estudos Miñoranos que se publicará ao longo do mes de outubro.

<http://www.minhor.org/>

[Bases do concurso](#)

Cando Praia América tiña mil nomes

David Reinero González

Houbo un tempo no que as xentes tiñan memoria e os lugares eran en plural. Un tempo no que cada regato, cada carreiro, cada veiga, chamábase segundo a súa particularidade. Naquel tempo, o que hoxe coñecemos como Praia América pola gracia de Manuel Lemos tiña mil nomes, catro casas e un cento de veciños. Hoxe, logo de máis de setenta anos, a maioría deles están a piques de ser esquecidos.

Alí no sur, ás portas da península homónima, a area chamábase **Lourido**. Alí onde estaba a farmacia, estaba a tenda de Pura a Portela. Alí, igual que agora, tocaban os grupos nas festas da Virxe do Carme. Logo, os músicos ficaban a durmir un pouco máis ao norte, nos baixos dos poucos chalés dos ricos madrileños que comezaban a construírse. Cara ao interior, a praia chegaba ata a zona coñecida como

Area

, estendéndose por detrás do restaurante de Angelito. Unhas poucas casas, máis labregas que marieiras, salpicaban a paisaxe.

Na metade da praia, en **Canido** (o outro, non o vigués) segue a desembocar o río **Muñeira**,

também coñecido como do

Matadoiro

, que se metía aínda entre dunas ata a zona da

Alberca

, onde as mozas lavaban a roupa. Nese lugar en que antes se branquexaban as sabas na corrente doce do regato, hoxe unha depuradora limpa a propia auga.

Por alÃ- non habÃ-a camiÃ±os, todo eran ondas de area que se espaxaban ata o que aÃ-nda se coÃ±ece como **Dunas de Gaifar**. Para poder camiÃ±ar con comodidade habÃ-a que acercarse ata as vÃ-as do tranvÃ-a, esas que cubre o asfalto da â??

Carretera da VÃ±a

a Baiona, case na zona das

Rans

, onde xa a area comezaba a deixar paso Ãs leiras e Ã monte do

Viso

e de

MallÃ³n

.

Pero volvendo Ã³ norte, en Gaifar, as ondas de area tornÃbanse autÃnticas montaÃ±as de varios metros de altura polas que nenos e nenas se tiraban a rebolos ou montados en follas de pita a xeito de â??trineosâ??. AlÃ-, na beira do â??mar de Baionaâ??. unha ringleira de casas de pescadores continuaba ata a zona en que a praia se chamaba xa **San XoÃ³n**, onde a leve curva do areal de Lourido se pecha nunha pequena abra, Ã³s pÃ³s do

Castro

, en

PanxÃ³n

. E sobre a area na que hoxe, cada verÃ³n, se cravan centos de parasoles, descansaban as gamelas dun porto que nin tan sequera tiÃ±a rampla, pero do que saÃ-an barcos a carbÃ³n, como o â??Canurrioâ?? ou o â??Monte Aloiaâ??, a vender en Baiona toneladas de sardiÃ±as da baÃ-a. Eran os tempos en que se vendÃ-an as sardiÃ±as e se comÃ-an as cadeluchas ou os ourizos. As primeiras, especie case que exclusiva da zona, porque habÃ-a dabondo en toda a praia para abastecer a un exÃrcito de famentos. Os segundos, de Patos, porque eran a comida dos pobres. Hoxe, as cadeluchas escasean coa contaminaciÃ³n e os ourizos son manxar de ricos.

O prÃ³cer

Poucos recordan xa eses nomes, condenados a desaparecer coa memoria dos mÃ³is vellos, pechados en poeirentos libros de toponimia ou en anacrÃ³nicos mapas do catastro. Hoxe a praia Ã© Praia AmÃ³rica, o nome co que a empezou a chamar en 1927 Manuel Lemos, nado

na Ramallosa e emigrado con sete anos Ã¡ Arxentina. PrÃ³cer dos de antes, volveu Ã¡ sÃ³a terra para gastarse aquÃ­ a fortuna en proxectos tan pouco comprendidos no seu tempo como as Escolas Proval, o mercado da Ramallosa ou o seu gran balneario turÃ­stico de Galicia, Ã³ que lle puxo â??Praia AmÃ©ricaâ??.

No areal da sÃ³a terra miÃ±orana principiou a construír a finais dos anos 20 do sÃ©culo pasado unha serie de chalÃ©s que logo vendeu sen beneficio ningÃºn. Eran casas como â??Villa Hermosaâ??. Ou como os chalÃ©s construídos polo porriÃ±os Antonio Palacios a principios dos anos trinta Ã³ tempo que se levantaba en PanxÃ³n o seu Templo Votivo do Mar.

Rosita, hoxe en VilameÃ±n, naceu en Area e viviu moitos anos en Canido. Daqueles tempos lembra como chegaban os turistas no verÃ±o ou â??un señor de Madrid que paraba no â??Quirosnoâ?? e que tivo que marchar porque dicÃ­a que o ruÃ­do do mar non o deixaba durmirâ??. Nos anos trinta e corenta, pola â??carretera generalâ?? de Vigo a Baiona â??a penas pasaban vinte coches Ã³ dÃ­a e poucos baixaban ata a praiaâ??. Traen Ã­ memoria os veciÃ±os. Ese non era terreo para os motores, senÃ³n para os carros de bois que recollÃ­an o argazo que servirÃ­a de esterco. Os mesmos bois que axudaban a pescar Ã³ arrastre dende a praia, como recorda Francisco, que andou no mar de neno antes de ser o caseiro en Canido dun chalÃ© con finca duns seÃ±ores de Vigo.

Desa Ã©poca queda un busto de indiano ergueito sobre a inscriciÃ³n â??Manuel L. Lemos. 1875-1946â??. De Palacios, dÃ³as obras de arte en forma de chalÃ©s. AmÃ©rica aÃ­nda coexistÃ­a pacificamente con Lourido, Canido e PanxÃ³n.

O formigÃ³n

O formigÃ³n veu a substituír Ã­ pedra do arquitecto porriÃ±os e os poucos chalÃ©s comezaron a ser mÃ±is. As estradas melloraron e chegaron Ã­ beira do mar. Bernardo VÃ±quez, o alcalde que levantou a actual casa do Concello de NigrÃ±n, emprendeu a urbanizaciÃ³n de Gaifar. As dunas foron pouco a pouco cubertas por rÃ³as. Logo, xa nos oitenta, chegarÃ­an Ã­ zona o centro de saÃ³de, o pavillÃ³n dos deportes e os edificios de apartamentos. A area orixinal tan sÃ³ aparece xa baixo as zonas das randeiras que civilizaron os rebolos dos nenos. Ou Ã³ redor das pistas de tenis que antes ocupaban un mar de cardos, especie en perigo de extinciÃ³n en toda Praia AmÃ©rica.

Escrito por

Martes, 13 Setembro 2005 14:16

Hoxe, cando o tempo da memoria esvaece, o areal máis importante da rã-a de Vigo ã© unha estreita lingua de area, abafada polo asfalto e os edificios, que cada domingo de inverno e todos os dã-as do verã;n percorren milleiros de vigueses e ourensã;ns na busca dun raio de sol. Ese visitante de fã³ra, que co seu diã±eiro fixo progresar unha vila pobre convertã©ndoa nun dos principais atractivos turã-sticos de Galicia, mira con curiosidade as barras metã;licas que flanquean as portas dos edificios na primeira liã±a de praia de Panxã³n. Poucos saben que serven para atravesar tã;boas nelas e parar asã- a forza das tempestades. Porque, de cando en vez, o mar volve a carã³n da sãªa area. Ese mar que non deixaba durmir co ruã-do ã³ seã±or de Madrid, toma o que ã© del, entra embravecido nas noites de inverno e leva por diante paseos de pedra levantados onde non deberan.